


1. PRESENTACIÓN

Grupo de traballo para a adaptación á interoperabilidade.

- Manuel Rodríguez Álvarez, Técnico de información e comunicación do Concello de Narón
- Juan Otero Pombo, Vicepresidente do CPEIG e Enxeñeiro de informática no Concello de Ourense
- Raul Fernández Iglesias, Coordinador Responsable TIC da Fegamp
- Isabel Pillado Quintáns, Xefa do Departamento de Administración Electrónica da Amtega, Xunta de Galicia
- Oficina eConcellos, oficina técnica da Xunta de Galicia de apoio e asesoramento ás entidades locais no desenvolvemento das tecnoloxías e a promoción de proxectos de modernización no eido da eAdministración.
- María Couto Palla, Departamento de Administración Electrónica Deputación A Coruña
- **Adrián J. Márquez Caramés**, funcionario de habilitación nacional, subescala categoría secretaría de entrada, Secretario do Concello de Abegondo e do Consorcio das Mariñas, membro do Cosital A Coruña.

2 VISIÓN XERAL DA E-ADMINISTRACIÓN E INCARDINACIÓN DA INTEROPERABILIDADE

MAPA MENTAL DE ADAPTACIÓN A LA LAECSP



4. DIAGNOSE E MELLORA DO PROCEDEMENTO.

4.1. REDUCIÓN DE REQUISITOS, DE OBRIGAS DE INFORMACIÓN E DA DOCUMENTACIÓN A ACHEGARC) Redución da esixencia de datos e documentos.

Intercambio de datos e información. A orientación neste caso é expor a previsión de mecanismos de intercambio de datos e información entre distintos órganos e/ou entre Administracións, de maneira que as diferentes Administracións compartan entre elas certificados e/ou datos que con anterioridade se solicitaban á cidadanía.

Na política de facer máis sinxela a relación do cidadán coa Administración Xeral do Estado, **a Lei 39/2015, de 2 de outubro, de Procedemento Administrativo Común establece, no seu artigo 28.2) o dereito do cidadán a non achegar os datos e documentos que obren en poder das Administracións Públicas, as cales utilizarán medios electrónicos para solicitar a dita información** sempre que se conte co consentimento dos interesados. Presumirase que a consulta ou obtención é autorizada polos interesados salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa ou a lei especial aplicable requira consentimento expreso.

Con todo, nos procedementos administrativos, foi habitual a petición de documentos acreditativos como de identidade e do lugar de residencia a efectos de verificar estes datos persoais. Cos Reais Decretos 522/2006, e RD 523/2006, de 28 de abril, suprímese a necesidade de achegar estes documentos en todos os procedementos da AGE e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes. Non obstante, a verificación destes datos, segue sendo esencial para a tramitación dos procedementos.

En ausencia de oposición do interesado, as Administracións Públicas deberán solicitar os documentos electronicamente a través das súas redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto.

¿Qué fixemos no Concello de Abegondo?

NMT, C=es
MT, C=ES

ABEGONDO (A CORUÑA)

DECRETO .- No Concello de Abegondo (A Coruña)

O 14 de xuño do ano 2007 foi aprobada a Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, en diante LAECSP, cuxa finalidade é promover o uso das tecnoloxías da información e as comunicacións nas relacións entre a Administración Pública e a cidadanía. En virtude desta lei, os cidadáns e as cidadás poderán realizar todas as súas xestións administrativas por medios electrónicos. Desta forma, as administracións públicas quedan obrigadas a ofrecer os seus servizos por internet, dispositivos móbiles ou calquera medio electrónico futuro.

A LAECSP cambia radicalmente o panorama da administración electrónica, xa que pasa de ser unha iniciativa a instancias da Administración Pública, que definían, implantaban e xestionaban estes servizos en función de criterios propios, e por tanto pondo os servizos á disposición da cidadanía.

As Entidades integradas na Administración Local nas que non poidan ser exercidos a partir do 31 de decembro de 2009 os dereitos recoñecidos no artigo 6 da presente Lei, en relación coa totalidade dos procedementos actuacións da súa competencia, **deberán aprobar e facer públicos os programas e calendarios de traballo precisos para iso**, atendendo ás respectivas previsións orzamentarias, con mención particularizada das fases na que os diversos dereitos serán exixibles polos cidadáns.

Por todo iso se elabora o presente cronograma, todo elo de acordo co **anexo I (xúntase en documento á parte)**:

Data de comezo: 1/01/2012 (ano 1)
Data de finalización: 31/12/2014 (ano 3)

ADAPTACIÓN LAECSP	Ano 1	Ano 2	Ano 3
Duración total do proxecto			
1. Adaptación de procedementos administrativos			
1.1 Inventario e clasificación de procedementos	■	■	
1.2 Racionalización de procedementos	■	■	
1.3 Inventario de documentos e datos relativos aos cidadáns	■	■	
2. Adaptación normativa			
2.1 Adaptación normativa	■	■	
3. Adaptación organizativa			
3.1 Adaptación organizativa	■	■	
3.2 funcionarios habilitados	■	■	
3.3 Plan de formación	■	■	■
4. Adaptación das canles de comunicación			
4.1 Adaptación da canle telemática	■	■	
4.2 Adaptación multicanle	■	■	
4.3 Integración 060	■	■	
4.4 Ampliación a máis canles	■	■	
5. Adaptación da tecnoloxía Front office			

Plan de Modernización

ÍNDICE DE CONTIDOS

PLAN DE MODERNIZACIÓN.....	3
1.INTRODUCCIÓN.....	3
2.DIAGNOSE DO CONTEXTO E DO PROBLEMA.....	5
2.1. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.....	5
2.2. POSTOS DE TRABALLO E PERFÍS PROFESIONAIS.....	5
2.3. PRESTACIÓN DO SERVIZO.....	6
2.3.1 INFORMACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ.....	6
2.3.2 TRAMITACIÓN.....	6
2.3.3 ARQUIVO.....	8
2.3.4 HARDWARE E SOFTWARE E LIÑAS DE COMUNICACIÓN.....	8
2.3.5 OUTROS DETALLES DA DIAGNOSE SON:.....	10
2.4 ANÁLISE EXTERNA.....	10
2.5 ANÁLISE INTERNA.....	10
2. PROPOSTAS DE MELLORA E BREVE ANÁLISE DE ALTERNATIVAS.....	11
FASE A) REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DA ESTRUCTURA ORGANIZATIVA.....	12
FASE B) PRESTACIÓN DO SERVIZO.....	17
CRONOGRAMA.....	26

8. VISIÓN XERAL DA INTEROPERABILIDADE.

8.1 CONCEPTO DE INTEROPERABILIDADE.

Segundo o Glosario de termos do Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica, interoperabilidade é a capacidade dos sistemas de información, e polo tanto dos procedementos aos que estes dan soporte, de compartir datos e facer posible o intercambio de información e coñecemento entre eles.

A exposición de motivos da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, na súa Exposición de Motivos fai referencia á administración única a cal, dificilmente, pode non ser electrónica.

A Lei 30/1992, do 27 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, establecía **no seu artigo 35 o dereito da cidadanía a non presentar aqueles documentos** non esixidos polas normas aplicables ao procedemento ou aqueles que **xa se atopasen en poder da Administración pública**.

9. O MODELO DE ACORDO PARA A INTEROPERABILIDADE PROPOSTO POLO GRUPO DE TRABALLO

9.1 MÉTODO DE TRABALLO

O grupo de traballo, a través da realización de varias reunións, centrou os seus esforzos en elaborar modelos de documentación que permitisen as EELL cumprir os requisitos para a utilización dos servizos de interoperabilidade. Nestas reunións, cada un dos integrantes do grupo de traballo, aportou a súa visión e compartiu a súa experiencia na utilización dos servizos de interoperabilidade e o cumprimento do disposto nas leis 39/2015 e 40/2015. Deste xeito, elaborouse a documentación que servirá de modelo ás EELL e facilitará o uso da plataforma pasaXe!

ASUNTO: MODELO RESOLUCIÓN PARA CONSULTAS DE INTEROPERABILIDADE

EXPEDIENTE: XXXX

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O 14 de xuño do ano 2007 foi aprobada a Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, en diante LAECSP, cuxa finalidade era promover o uso das tecnoloxías da información e as comunicacións nas relacións entre a Administración Pública e a cidadanía. En virtude desta lei, os cidadáns e as cidadás poderían realizar todas as súas xestións administrativas por medios electrónicos. Desta forma, as administracións públicas quedaban obrigadas a ofrecer os seus servizos por Internet, dispositivos móbiles ou calquera medio electrónico futuro.

SEGUNDO. O Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica veu a regular, no seu artigo 12, o uso de infraestruturas e servizos comúns e ferramentas xenericas obrigando as administracións públicas a enlazar aquelas infraestruturas e servizos que poidan implantar no seu ámbito de actuación coas infraestruturas e servizos comúns que proporcione a Administración Xeral do Estado para facilitar a interoperabilidade e a relación multilateral no intercambio de información e de servizos entre todas as Administracións públicas.

No marco do Plan de modernización da Administración autonómica, a Xunta impulsou os servizos dispoñibles no nodo de Interoperabilidade Pasaxe!. Pasaxe! é a plataforma tecnolóxica que permite o intercambio de información entre as administracións autonómica, estatal e local evitando ao cidadán achegar documentación que xa está en poder das administracións públicas.

TERCEIRO. A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas veu a sistematizar toda a regulación relativa ao procedemento administrativo, clarificando e integrando o contido das leis 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e a citada Lei 11/2007 buscando tamén a axilización dos procedementos cun pleno funcionamento electrónico.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (art. 25.2)) e c) e art. 26)
- A Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia.
- A Lei 11/2007, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, en diante LAECSP
- A Lei 30/1992, do 27 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- A Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.
- A Lei 59/2003, de 19 de decembro, de sinatura electrónica.
- O Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica.
- O Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica.
- A Resolución de 28 de xuño de 2012, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se aproba a Norma Técnica de Interoperabilidade de Protocolos de Intermediación de datos que establece o modelo operativo da interoperabilidade a nivel nacional.
- A Resolución do 22 de abril de 2014, da Dirección Xeral de Avallación e Reforma Administrativa e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, pola que se aproba a versión 1.1 das Guías para a habilitación electrónica de procedementos.
- O Plan de Administración e Goberno Dixitais Horizonte 2020 da Xunta de Galicia.
- **ENGADIR ARTIGO ORDENANZA ELECTRÓNICA DE CADA ORGANISMO**

Engadir escudo Organismo

Engadir datos Organismo

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA. A INTEROPERABILIDADE

A Lei 30/1992, do 27 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, establece no seu artigo 35 o dereito da cidadanía a non presentar aqueles documentos non exixidos polas normas aplicables ao procedemento ou aqueles que xa se atopasen en poder da Administración pública.

O dereito anterior complementouse coa aprobación da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos, que establece:

"Artigo 6 Dereitos dos cidadáns.

[...]

b) A non achegar os datos e documentos que obren en poder das Administracións Públicas, as cales utilizarán medios electrónicos para solicitar a dita información sempre que, no caso de datos de carácter persoal, contese co consentimento dos interesados nos termos establecidos pola Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal, ou unha norma con rango de Lei así o determine, salvo que existan restricións conforme a normativa de aplicación aos datos e documentos solicitados. O citado consentimento poderá emitirse e solicitarse por medios electrónicos.

De acordo co artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas os interesados non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración, con independencia de que a presentación dos citados documentos teña carácter preceptivo ou facultativo no procedemento de que se trate, sempre que o interesado exprese o seu consentimento a que seyan consultados ou solicitados devanditos documentos. Presúmase que a consulta ou obtención é autorizada polos interesados salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa ou a lei especial aplicable requira consentimento expreso.

SEGUNDA. DO FUNCIONAMENTO DA INTEROPERABILIDADE.

A Resolución de 28 de xuño de 2012, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se aproba a Norma Técnica de Interoperabilidade de Protocolos de Intermediación de datos; establece o modelo operativo da Interoperabilidade a nivel nacional, así como os roles e actores que participan durante a realización dunha consulta interoperabilidade:

Cesionario: Organización autorizada a consultar determinados datos da cidadanía en poder dun Cedente

Requrente: Facilita a consulta dos datos desde un punto de vista tecnolóxico.

Nodo IOP: Xestiona e ordena a relación entre Cesarios e Cedentes e as súas comunicacións. Asegura a Integridade da Información Intercambiada e habilita a comunicación entre axentes (a plataforma Pasaxe! actúa como Nodo).

Emissor: Facilita a cesión dos datos desde un punto de vista tecnolóxico

Cedente: Organización que posúe datos relativos da cidadanía que outra poida necesitar.

O Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica recolle o glosario de termos e define o Nodo de Interoperabilidade como o organismo que presta servizos de interconexión técnica, organizativa e xurídica entre sistemas de información para un conxunto de Administracións Públicas baixo as condicións que estas fixen.

A Xunta de Galicia deu o primeiro paso ao iniciar un proxecto para a construción dun nodo de interoperabilidade para a Administración pública galega, Pasaxe!.

TERCEIRA. INTEGRACIÓN NO PROCEDemento ADMINISTRATIVO

O acceso aos documentos debe ser pertinente e estar autorizado, é por iso que é fundamental a xestión das autorizacións correspondentes:

- O organismo cedente dos documentos autoriza o consumo dun servizo, en base á pertinencia de petición dun documento nun procedemento administrativo.
- O interesado debe dar a súa autorización e consentimento expreso para denegar a consulta desa información. Os formularios deberán adecuarse para recoller

Engadir escudo Organismo

Engadir datos Organismo

a posibilidade de rexetar o devandito consentimento subsidiariamente. Esta denegación do consentimento pódese facer en calquera fase do procedemento. Neste caso a cidadanía debe achegar a documentación.

Por medio deste procedemento o Organismo prevé o acceso aos servizos de interoperabilidade, xustificando a súa pertinencia e aprobando a autorización.

CUARTA. FUNDAMENTO LEGAL E OBXECTO

A presente resolución dítase de conformidade co disposto no artigo 21.1.a) d e g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local. O alcalde como xefe de persoal e como encargado de impulsar e coordinar os servizos municipais, entende que a adaptación dos procedementos municipais para a distribución dos asuntos redundará na eficacia da tramitación administrativa, a parte de cumprir co establecido na lei de procedemento administrativo común.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Alcalde de acordo co artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobación do catálogo de procedementos que se relacionan no anexo para os que non será necesario que os cidadáns aporten a documentación, que se comprobará no nodo de Interoperabilidade Pasaxel segundo a correspondencia indicada no ANEXO I. Para futuras incorporacións de procedementos e/ou servizos ao catálogo será necesaria a aprobación mediante resolución de alcaldía. Os novos catálogos serán publicados na sede electrónica do Organismo onde estarán accesibles ao público de forma permanente.

SEGUNDO.- Adaptar os formularios dos distintos procedementos indicados para facer efectivo o dereito dos administrados de non achegar documentos que fosen elaborados por calquera Administración, con independencia de que a presentación dos citados documentos teña carácter preceptivo ou facultativo no procedemento de que se trate.

O ANEXO II desta resolución inclúe os datos que se van consultar a cada Cesionario mediante servizos de interoperabilidade, así como as cláusulas de denegación expresa de consulta que deberán ser cumprimentadas polos interesados, no seu caso.

TERCEIRO.- Publicar o presente acordo no Boletín oficial da provincia, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Organismo.

CUARTO.- Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O que resolvo e asino, ante min, o secretario da Corporación.

Organismo de _____, na data _____

O alcalde/presidente

O secretario

9.2.2 FORMULARIO DE OPOSICIÓN

OPOSICIÓN Á CONSULTA TELEMÁTICA CON OUTRAS AAPP

SOLICITANTE			
NOME		PRIMEIRO APELIDO	
SEGUNDO APELIDO		NIF/NIE	
ENDEREZO POSTAL			
CIDADE		PROVINCIA	C.P.
TELÉFONO FIXO		TELÉFONO MÓBIL	
CORREO ELECTRÓNICO			
ENDEREZO ELECTRÓNICO HABILITADO			

Actuando en nome propio
 Representando, en calidade de

a:

INTERESADO			
NOME / RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO	
SEGUNDO APELIDO		NIF/CIF	
ENDEREZO POSTAL			
CIDADE		PROVINCIA	C.P.
TELÉFONO FIXO		TELÉFONO MÓBIL	
CORREO ELECTRÓNICO			
ENDEREZO ELECTRÓNICO HABILITADO			

Non autorizo ós efectos da normativa de Procedemento Administrativo Común das AAPP (Lei 39/2015 art. 28.2) a esta administración á consulta telemática con outras Administracións Públicas dos datos declarados e demais circunstancias relacionadas coa tramitación do expediente e **presento/achego o documento solicitado.**

SERVIZOS	
Autorizo o acceso telemático á Dirección Xeral de Policía para a consulta de Datos de Identidade relacionados coa tramitación do expediente.	<input type="checkbox"/> NON
Autorizo o acceso telemático á Dirección Xeral de Policía para a consulta de verificación de datos de identidade relacionados coa tramitación do expediente.	<input type="checkbox"/> NON

9.2.3 GUÍA DE AXUDA



MOITAS GRAZAS

adrian.marquez@abegondo.es

Adrián J. Márquez Caramés

23.03.2017